

A Memoria viva de Betanzos

DOMINGO GARCIA-SABELL *

Na imaxinación cunqueirán hai moita verdade. *Moita realidade*. Como tamén a hai nos seus contos e nos seus retratos da nosa xente, ou como el gustaba decir, da "*xente de nós*". Os menciñeiros, as criaturas de "*acó e de acolá*", son máis pobo, moito máis pobo, no sentido riguroso da palabra pobo, que tantas e tantas descripcións realistas como por aí andan. Non importa que eses seres teñan desaparecido. Ou, aínda, que endexamáis, nos fora dado topar con eles. Non importa. Nos seus decires, no seu perfil, na súa porosidade para o mundo de arredor, eles son verdadeiros porque eles son nós mesmos. Nós transmutados neles, e eles transmutados en nós. E uns e outros servindo de soporte material a un pulo, a unha forza que deita dalgún lugar ignoto e desemboca tanto nas sabencias dos ilustrados canto nas sabencias, con máis raiceiras, dos non sabidos.

E na maxinación auténticamente creadora e auténticamente moderna de Alvaro Cunqueiro, nesa imaxinación aposentada, tamén, a cidade de Betanzos. As pedras ilustres e historiadadas, o acougo fecundo da existencia, a memoria secular. En suma, a vida como continuidade de seu. Todo esto purraba na enerxía do gran escritor. Moito temos falado encol de tan gozosa realidade.

E agora, con Alvaro Cunqueiro xa esvaecido, coido que Betanzos dalgún xeito pervive na actitude creadora do escritor mindoniense. Pervive na dimensión antiga e na dimensión moderna que él personificou. Ou o que é o mesmo: Betanzos perdura como nódoa humana actuante e decote presente na conciencia da Galicia. Porque antes a cidade soupo impresionar a sensibilidade e o corazón de Alvaro Cunqueiro.

Como nos acontece a todos nós. Esa é a súa presenza viva. Esa é a grandeza de Betanzos.

* Domingo Garcia-Sabell é presidente da Real Academia Galega e delegado do Goberno en Galicia.



Erias
IV-81

Cunqueiro